

A CONSELLERÍA DO MAR CONTRATA AS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE PANTALÁNS PESQUEIROS NO PORTO DE CABO DE CRUZ, EN BOIRO

- *Portos de Galicia estima que as obras poderán dar comezo no vindeiro mes de febreiro*

Santiago, 30 de decembro de 2016.- A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, vén de asinar o contrato para a execución das obras de construción dos pantaláns para embarcacións pesqueiras no peirao de Cabo de Cruz, no municipio coruñés de Boiro. Así o comunicou esta mañá o presidente do ente público, José Juan Durán, nunha visita ao municipio.

Durán Hermida informou de que o contrato asinado coa empresa Acciona recolle un importe total de máis de 700.000 euros para esta dotación ao sector profesional pesqueiro. Así mesmo avanzou que Portos de Galicia estima que as obras de construción dos pantaláns poidan iniciarse o vindeiro mes de febreiro.

En concreto, esta dotación permitirá crear prazas de amarre para 125 embarcacións de esloras ata 10 metros. Esta capacidade dará resposta á totalidade da demandas existente na actualidade e reserva máis de 30 prazas libres para ocupar no futuro. O prazo de execución previsto para as obras é de 6 meses.

Con esta dotación a Xunta de Galicia afonda no compromiso de dar resposta ás necesidades do sector profesional de Cabo de Cruz que se iniciou coa dotación de abrigo a través da creación dunha nova dársena na que se invertiron 12 millóns de euros. A Consellería do Mar seguirá avanzando neste compromiso coa licitación nos vindeiros meses das obras de construción de pantaláns para 4ª lista (embarcacións mexilloeiras).

Neste caso, proxéctanse 139 prazas de amarre para esloras comprendidas entre os 12 e 22 metros. Así mesmo proxéctase a instalación dun dique flotante de 5 metros de anchura que se situará na parte máis exposta da dársena. Este proxecto técnico está xa rematado e sairá a licitación nos vindeiros meses cun orzamento de preto de 7 millóns de euros.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DO MAR